

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Ao longo do curso realízanse 3 avaliacións parciais cuxa cualificación, obtida mediante os instrumentos mencionados na programación e tal e como se concretan nela, resúmese na seguinte táboa:

ENSINO PRESENCIAL				
	2º ESO			3º E 4º ESO
OBSERVACIÓN NA CLASE	5%			5%
PROBAS ESCRITAS	75%			75%
ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	ORAIS	30 %	10%	20%
	ESCRITAS	70 %		
CADERNO	PRESENTACIÓN	20%	10%	---
	CONTIDO	80%		

Para aquel alumnado que non acade unha cualificación igual ou superior a 5 nas dúas primeiras avaliacións parciais realizarase unha proba escrita de recuperación con posterioridade a cada sesión de avaliación (en xaneiro e abril). A recuperación da 3ª avaliación terá lugar nos exames últimos da materia, a finais de xuño e antes do remate das clases. No caso dunha recuperación positiva esta cualificación, ponderada nun 90%, substituirá á da avaliación parcial correspondente ós efectos do cálculo da cualificación da avaliación final ordinaria.

Durante o período lectivo comprendido entre a 3ª avaliación e o 22 de xuño, data de remate do curso, as horas lectivas da materia dedicaranse ao reforzo e/ou ampliación da materia correspondente ás avaliacións nas que cada alumno/a teña con cualificación máis baixa. Neste sentido contemplamos tres posibilidades distintas:

- a) alumnado coas 3 avaliacións suspensas: reforzará os contidos mínimos da materia, dos que realizará un exame global cuxa nota será a nota final da avaliación ordinaria.
- b) alumnado con 1 ou 2 avaliacións suspensas: reforzará os contidos mínimos das avaliacións correspondentes para realizar un único exame final de "recuperación". A cualificación final ordinaria deste alumnado será a media aritmética entre esta nota e a/as avaliacións que tivera aprobadas (a nota sen redondear e sempre que ningunha delas sexa inferior a 3).
- c) alumnado coas 3 avaliacións aprobadas: reforzará/ampliará os contidos daquela avaliación na que teña unha cualificación máis baixa e realizará unha proba escrita correspondente a estes contidos, cuxa nota substituirá á que tiña en dita avaliación só no caso de ser maior que esta, é dicir, collerase sempre a maior das dúas obtidas. A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións (feito o cálculo a partir das notas correspondentes sen redondear).

Tanto nas avaliacións parciais, como na da convocatoria ordinaria, a cualificación sempre corresponderá á nota obtida despois de aplicar os criterios e as porcentaxes correspondentes anteriormente citadas sempre redondeadas ao número enteiro máis próximo.